

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 10 de outubro de 2011 pola que se aproba e se fai pública a listaxe de convocados ao exame non eliminatorio de avaliación e coñecemento da lingua galega do proceso selectivo para o acceso á categoría superior da subescala de Secretaría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal e se fixa a data de celebración do exame.

Por Resolución do 5 de agosto de 2010, do director xeral de Administración Local, convocouse proceso selectivo para o acceso á categoría superior da subescala de Secretaría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Por Resolución do 7 de outubro de 2010, do director xeral de Administración Local, resolveuse o recurso de reposición á devandita convocatoria.

Por Resolución do 20 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Cooperación Local, dáse publicidade á convocatoria de probas selectivas para o acceso á categoría superior da Subescala de Secretaría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal efectuada pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Por Resolución do 20 de xaneiro de 2011, do director xeral de Administración Local, aprobouse a relación provisional de admitidos e excluídos ás devanditas probas con indicación das causas de exclusión, fixándose un prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para formular as alegacións que considerasen oportunas.

Por Resolución do 20 de maio de 2011, do director xeral de Administración Local, apróbase a lista definitiva de admitidos ao proceso selectivo, a data do exame e se designa a composición do tribunal cualificador do devandito proceso.

Por Resolución do 22 de xuño de 2011, do director xeral de Administración Local, faise público o nomeamento de dous novos membros do tribunal que xulgarán o proceso selectivo para o acceso á categoría superior da subescala de Secretaría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Unha vez celebrado o exame práctico do devandito proceso selectivo e tendo en conta o disposto no parágrafo 3.º, da base II.2, esta dirección xeral, no uso das competencias que lle atribúe o artigo 15.1.º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se

aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, en relación coa Orde do 12 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias,

DISPÓN:

Primero. Declarar aprobada e facer pública a listaxe de opositores convocados ás devanditas probas e que figuran no anexo I

Igualmente a dita listaxe exporase ao público no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local e na páxina web (<http://www.eidolocal.es>).

Segundo. Convocar os aspirantes relacionados no anexo I para a realización do exercicio práctico, o día 17 de outubro de 2011, ás 16.00 horas, na Escola Galega de Administración Pública (polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña). A proba terá carácter non eliminatorio e consistirá nun exercicio de avaliación do coñecemento do galego que se cualificará de 0 a 10 puntos. Así mesmo, aqueles aspirantes que posúan algún dos ditos títulos puntuables poderán presentarse á proba e, no caso de obteren unha puntuación inferior á asignada automaticamente polo seu título, teráselles en conta esta última.

Terceiro. Nomear as persoas que se relacionan no anexo II como asesores especialistas en lingua galega designados do tribunal cualificador do devandito proceso.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local na páxina web (<http://www.eidolocal.es>) unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios e concederáse un prazo de dez días para os efectos de formular alegacións ante o tribunal.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1.º do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2011.

P.D. (Orde 12.9.2005; DOG n.º 177, do 14 de setembro)
José Norberto Uzal Tresandí
Director xeral de Administración Local

ANEXO I

Opositores	DNI	Puntuación títulos achegados
Álvarez Montoto, Jesús	71633812J	0
Ballina Díaz, Diego	10901764V	0
Fernández Fernández, Ricardo	11425142F	0
García Ardila, Francisco Miguel	74836992Y	0
González García, José Manuel	77404022Y	8
Iglesias Martínez, Miguel	34897065Q	8
Marquina Fuentes, Juan	76711621C	8
Rey Fernández, Pedro Daniel	08836906F	0
Rubiera Álvarez, Ana María	10856275E	8
Vazquez Pita, José María	33345782Z	8

ANEXO II

– Titulares:

María Cuquejo Enríquez.

Noemí Álvarez Villar.

Purificación Galán Boutureira.

– Suplentes:

Beatriz García Turnes.

Xaime Varela Sieiro.

Xoan Rivas Cid.